



SINOPSE

Heli Alberto Silva, traballa na planta de montaxe de autos nun pobo perdido de México no estado central de Guanajuato. Vive coa súa muller Sabrina e o seu bebé, co seu pai e maila súa irmá pequena Estela. Todos nunha minúscula habitación de formigón de só uns metros cadrados. Estela de doce anos está namorada de Beto, cadete do exército. Queren fuxir e casar no veciño Zacatecas pero non teñen cartos para facelo. Aproveitando un decomiso, Beto apaña un alixo de cocaína acochado polos seus superiores e o garda no depósito de auga da casa de Estela. Heli descobre o alixo e aterrado ante as posibles consecuencias desfaiase del, pero, demasiado tarde, é imposible deter as terribles represalias que os acaban involucrando no terror do narcotráfico. A inocencia dos rapaces contrasta coa salvaxe maldade do diñeiro e da droga. Desde a máis absoluta impotencia, Heli, deberá afrontar o destino tráxico da súa familia.

FALA O AUTOR

"Dóeme a xuventude de México e quería reflectir a súa loita imposible pero esperanzadora". Escalante resume así un filme que disecciona brutalmente a violencia do narco. No seu interese por narrar a realidade de México e os cárteles da droga, non escatima detalles. Axúdanlo actores non profesionais ou noveles que imprimen o máximo realismo. *"Moitos elementos do filme xurdiron de noticias reais: o adestramento militar no que Beto vése obrigado a rodar no seu propio vómito está tomado dun vídeo que se difundiu por Internet. Atopei en YouTube varias gravacións similares ás feitas por nenos en escenas de tortura. Para o rapto inspireime parcialmente nun suceso ocorrido en Guanajuato: a cámara de seguridade dunha gasoliñeira capturara a chegada dun grupo de cazadores para encher o tanque do seu coche e de súpeto como os soldados, os recollían, e levaban a unha casa segura onde os asasinaron, sen saber o motivo"*

POLÉMICA

Heli retrata de forma moi crúa males endémicos da sociedade azteca: pobreza, tráfico de drogas, corrupción policial e militar, violencia... Debuxa unha sociedade corrompida e embrutecida, marcada pola violencia cega e sen sentido, unha

violencia insoportable que en México se fixo cotiá. E aborda as devastadoras consecuencias: a brutalización, a deshumanización, a degradación, o abandono, a desensibilización, a criminalidade e o silencio. *Heli* inclúe **escenas moi violentas**, como a dun mozo torturado por nenos ao que, despois dunha boa malleira, lle prenden fogo aos xenitais como un xogo inconsecuente. Cando os artífices de tal atrocidade son cómplices da policía e dos militares aínda faise máis insoportable. Algunhas escenas desataron un debate sobre o "dereito" dun director a castigar aos espectadores, obrigándoos a ver. É importante mostrar a realidade tal e como é ou trátase de "*violencia gratuita envolta en pretensións de cine de arte*". Pero máis que a violencia explícita é o abafó por asistir ás consecuencias desa violencia o que leva ao espectador ao límite.

VALORACIÓNS

Os personaxes condúcense debido ao arrepentimento por unha decisión arbitraria, as accións explícanse principalmente de xeito visual e a historia avanza a partir de imaxes. A ausencia cáseque total da música e o silencio sofocante chegan a asfixiar acentuando o ambiente opresivo e desolador. Destaca o rigor da posta en escena e a estrutura do guión (escrito en colaboración con Gabriel Reyes). Dividida en dúas partes, marcadas por un plano contrapicado (dende abaixo) e picado (dende arriba) dun home pendurado dunha ponte. O film desenvolve a analepse que explica a secuencia inicial: cal é a historia dese home?. A segunda parte narra a recuperación da dignidade como último reduto do que xa non ten nada que perder. *Heli* estivo na Selección Oficial do Concurso no Festival de Cannes de 2013 e gañou o premio ao mellor director, presidía o xurado Steven Spielberg.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Amat Escalante

Guión: Amat Escalante, Gabriel Reyes

Fotografía: Lorenzo Hagerman

Reparto: Armando Espitia, Linda González, Andrea Vergara, Reina Torres, Ramón Álvarez, Juan Eduardo Palacios

Productora: Coproducción México-Francia-Alemania-Países Baixos (Holanda)

Ano: País: México

CUESTIONARIO

1



Un corpo medio espido e posiblemente morto pendurado dunha ponte como aviso macabro. Esta escena é unha imaxe real moi frecuente en latinoamérica.

2



Militares, narcotraficantes ou obreiros nunha planta industrial. As tres opcións de vida que ofrece o lugar. **No teu caso, que expectativas laborais para o futuro atopas na túa comunidade?**

Moitos, temos moitas ~~as~~ facilidades de estudarmos.

3



Estela en clase... Contrasta o subdesenvolvemento da comunidade e os pomposos temas dos traballos escolares de Estela, sen ningunha aplicación práctica nese inferno no medio da nada. **Consideras útil a túa formación actual? Por que?**

Si, se que nos forma para o futuro.

4



Estela é unha nena de só 12 anos namorada de Beto. Quere casar e ten medo de quedar preñada. **Que pensas da relación de Estela e Beto?, e da súa diferenza de idade?, coñeces algún caso próximo dunha menor cun embarazo non desexado?, cales son os resultados de ter fillos a tan temprana idade?**

Que non é unha relación ~~triste~~ ~~moi~~ bastante mala, non é unha franxa de idade aceptable. Non. Moito gasto económico e tirar pola borda o teu futuro.

5



Vehículos coma símbolos da condición masculina: Heli posúe un destartalado Datsun sobre catro ladrillos grises; Beto conduce un Nissan unha vella carraca aínda chea de enerxía; soldados e narcotraficantes, enormes e ameazadores camións con poderosa tracción. **En Europa o coche simboliza valores similares?**

Si, os policía teven coches grandes e acorazados.

6



Exercicios brutais e castigos inhumanos no adestramento das forzas especiais contra o narcotráfico. Obrigado a revolve-se no vómito ou a afundir a cabeza onde os soldados defecan. Corpos de élite formando homes infalibles. **Como valoras estas prácticas? Crees que son necesarias?**

Son prácticas inhumanas e innecesarias.



7



Torturas, violacións, corrupción policial, violencia xeralizada... A sensación de asfixia e pesimismo inunda ao espectador.

8



Escena singular que parece establecer un paralelismo entre inocencias desarmadas. Heli libera a cocaína nunha charca na que bebe allea unha vaca. A fragilidade, a indefensión e o azar, é trasladado á nosa relación cos animais (a morte gratuita do can de Estela é un momento similar). **Non sorprende que Heli obre con tamaña inconsciencia?**

Si que sorprende.

9



Unha familia destruída: o pai morre; Estela (raptada e abusada sexualmente) perde a fala; Heli padece tortura e acoso; Beto morre de xeito atroz. Todos adolescentes (menos o pai), que nada tiñan que ver coa violencia. **Coñeces algunha familia afectada polas problemáticas asociadas á drogodependencia? De que xeito mudou a súa existencia?**

Si, cambiou radicalmente e perderon a custodia das fillos

10



Algúns nenos divírtense cun xogo da *wii* e rematan a brutal tortura a Beto e Heli. Escalante ten dito: "*O futuro de México está a arruinarse nesa sala*" (El País-México). Por outra banda a suxerencia dunha relación coa violencia presente na ficción ou nos videoxogos que consumimos poden ofrecer outras lecturas. **Cres que insensibiliza a convivencia constante coa violencia e a súa banalización? Ou máis ben son dous planos completamente diferenciados?** *Creo que insensibiliza a convivencia.*

11



O peso da burocracia e o desequilibrio de forzas na loita coa delincuencia provocan un sentimento de impotencia e incapacidade nos garantes da lei que conduce a abulia, ao abatimento e a desmotivación. **Teste enfrentado a algunha dificultade insuperable que provocara en ti sentimentos similares?** *Non de forma tan extrema pero algunha vez si levamante.*

12



Sorprendente xiro argumental. A confesión de Heli non marca un punto de inflexión senón que desata unha secuencia surreal que dá conta de insospeitadas fragilidades.

13



Un furgón do exército chega á casa de Heli e xorde a angustia: para protexer ou intimidar?. Esta secuencia resume perfectamente a sensación de estar a merced do crime organizado, pero sen saber quen forma parte del (de onde proceden?, que farán a continuación?). David contra Goliat como símbolo da guerra fratricida que desangra México. **Como crees que se podería afrontar unha violencia estrutural de tales dimensións?**

Marchando do pes

14



A frustración de Heli faino ser brusco, cruel e inxusto na intimidade e remata nun conato de agresión. **Cómo valoras esta escena?**

*Que acabou explotando de moito sufrir,
aínda que non o xustifica*

15



Difícil escapar da trágica realidade que rodea ao lugar e aos personaxes: Sabrina quere volver á súa terra natal; Beto fuxir con Estela; Heli colaborar co sistema gobernamental. A vinganza estéril de Heli e a mudez de Estela deixan certa sensación de acougo lastrado e doente aceptación. **Algunha vez experimentaches a sensación de impotencia perante unha inxustiza que non podes sandar?**

*Non de forma tan extrema pero
si algunha vez en ambitos máis
concretos*



Heli consolando a Estela.

16



A sexualidade está moi presente de forma indirecta. Sabrina, a muller de Heli, desde o nacemento do bebé negárase a manter relacións co marido. A harmonía sexual restaurada marca a superación do trauma.

17



O uso do silencio é moi expresivo no filme, provoca sensacións de enorme forza. Ao final, o motor da camioneta branca co que inicia o filme é substituído polo son dun vento calmo e liberador.

REFERENCIAS

- Zavala Scherer, Diego. *Heli y el giro en el melodrama mexicano*. Skaz. Dispoñible en: <https://skaz-media.blogspot.com/2013/09/heli-y-el-giro-en-el-melodrama-mexicano.html> Consultado en: Abril de 2021
- Ospina García, Santiago. *Heli*. Cine, pedagogía crítica y derechos humanos en clase de español en Francia. Dispoñible en: <https://cinele.weebly.com/heli.html>. Consultado en: Abril de 2021
- Acuña Navarrijo, Alberto: *Entrevista a Amat Escalante*. Time Out México. 26 de agosto de 2013. Dispoñible en: <https://www.timeoutmexico.mx/ciudad-de-mexico/cine/entrevista-a-amat-escalante>. Consultado en: Abril de 2021
- Vélez Serrano, Luís. *Narcotráfico y repulsión versus familia*. Pantalla Latina. Novembro de 2013. Dispoñible en: <https://www.puntolatino.ch/cultura/item/2013-pantalla-latina-heli-por-luis-velez-serrano.html>. Consultado en: Abril de 2021
- Solórzano, Fernanda. *Heli de Amat Escalante*. Letras libres. 6 de agosto de 2013. Dispoñible en: <https://www.letraslibres.com/mexico/cinetv/heli-amat-escalante>. Consultado en: Abril de 2021
- Miklos, David. *Heli o el pene en llamas*. Nexos. 1 de agosto de 2013. Dispoñible en: <https://www.nexos.com.mx/?p=15448>. Consultado en: Abril de 2021